

# FOZ



## XLIV ENTROIDO 2026

FESTA DE INTERESE  
TURISTICO DE GALICIA



# ASESORÍA MARCOS Fernández S.L.U.

C/ Alvaro Cunqueiro nº 15 - Entlo. 2  
27780 FOZ (Lugo)

☎ 982 13 30 22 • 📠 982 13 30 23

[asesoria@asesoriamarcosfernandez.es](mailto:asesoria@asesoriamarcosfernandez.es)

[www.asesoriamarcosfernandez.es](http://www.asesoriamarcosfernandez.es)

Graduado Social Colegiado nº 292

**ASESORÍA ADMINISTRATIVA - FISCAL - LABORAL - CONTABLE**  
**ASESORÍA DE EMPRESAS - AUTÓNOMOS Y PARTICULARES**  
**ASESORÍA JURÍDICA - MERCANTIL - CIVIL - TRÁFICO**



desde 1928

• SEGUROS  
PARTICULARES

-VIDA -ACCIDENTES  
-HOGAR -DECEOS  
-AHORRO -R.C. VIDA PRIVADA  
-AUTOS -EMBARCACIONES

• SEGUROS  
EMPRESAS

-MULTIRRIESGO EMPRESA  
-MULTIRRIESGO DE COMERCIO  
-MULTIRRIESGO DE OFICINAS Y COMERCIOS  
-R. CIVIL

## Floristería La Gardenia

C/ Álvaro Cunqueiro, 11

Tels: 982 140 744

608 987 650

Foz- Barreiros



# Saúdo do Alcalde

## FRAN CAJOTO

Foz ten paisaxes de enorme beleza. Recunchos, xoias arquitectónicas, fitos da natureza, auténticos regalos para a vista... creo que por iso temos a sorte de contar con tantos apaixonados da fotografía, profesionais ou amateurs que hai moito tempo deixaron de ser aprendices. Poñamos que é outono... os raios de sol xa son máis oblicuos e a luz, principio e fin de toda imaxe, é moito máis suave. Fagamos un pequeno percorrido, comezando por San Martiño, permitídemela a licencia. Se somos madrugadores, podemos enfocar o obxectivo en Vilela, descubriendo o amencer co Mar de Foz ao fondo e a Basílica aos nosos pés. Na atalaia da Frouseira, fortaleza de Santa Cilla e do gran Mariscal, pousamos a vista sobre os nosos veciños de Castro-douro e Ferreira ou volvemos —confundido co ceo— ao noso Mar, principio e fin de todo. A afamada Cornería en Vilaronte agocha seica un gran tesouro pero descóbrenos, en cambio, o fermoso curso do Masma. Se saltamos ao Queixal en Cordido, baixo os muíños de vento, nalgunhas mañanciñas podemos xuntar o Cantábrico con infinitos mares de néboa. Desde Lousada en Fazouro descubrimos que o sol real-



mente nace en Asturias, na Tapia chamada de Casariego, nunha das paisaxes máis espectaculares da Mariña. A luz sobre o Mar abrázanos tamén en Nois e no seu Trasmonte, ou en Ribela e Vilasindre, na gran Cangas de Foz. E para solpores podería falarvos do barrio das Abidueiras, en Santo Acisclo, ou de volta a San Martiño, do lugar chamado dos Lagos, xunto ao desaparecido cachón, onde a Frouseira despide o sol abrazando con cores laranxas e vermellas o val do Centiño. Foz e o Pico do Castro ou a mesma praia da Rapadoira son máis exemplos do que vos estou a dicir. A paleta de vermellos esgótase en incontables matices que configuran cada día unha nova obra de arte.

Por que vos falo de cores, de amencer e solpores de outono neste libriño de Entroido? Esperade, agora vamos! A resposta é sinxela. Porque as fermosísimas paisaxes do noso Concello teñen feroces competidoras. Porque tamén o inverno, a miúdo frío e en ocasións escuro, ten en Foz as cores máis brillantes, puras e fermosas que poida imaxinar un Cézanne, un Van Gogh ou un Matisse.

A ledicia, beleza e harmonía que trasladan as grandiosas comparsas no desfile do Entroido de Foz é pura maxia. Os que temos a sorte de desfrutar o desfile podemos dar fe disto: do extraordinario espectáculo que é para todos os sentidos ver plumas, telas, volantes e brocados, bordados, lenzos e paños de infinitas cores. Despois do inmenso traballo fannos desfrutar, con pasos medidos e acompañados, ao ritmo de tambores e turutas. A beleza contáxiase, alcanza a madurez e o cénit grazas a mans expertas a carón de disfraces, grupos e comparsas. Por iso contamos con tan bos fotógrafos en Foz. O Entroido é arte en movemento, plasticidade, luz e cor. Como pinceladas de Claude Monet.

**ISTO É  
FOZ  
É AQUÍ HAI  
CARNAVAL**

The text is arranged in four lines. The first line is 'ISTO É', the second 'FOZ', the third 'É AQUÍ HAI', and the fourth 'CARNAVAL'. The word 'FOZ' is significantly larger than the other words. The text is decorated with several yellow and orange leaves scattered around it. Two blue paintbrushes with red tips are positioned diagonally, one above 'FOZ' and one below 'FOZ', as if painting the text.



# SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE

Servizo de Axuda no Fogar

*Atención en toda A Mariña*

Empresa inscrita na **Xunta de Galicia** co **N.º E-2033**, como entidade prestadora de servizos sociais de axuda no fogar na modalidade do **CHEQUE ASISTENCIAL** e **DEPENDENCIA**.

Concellos adxudicados MODALIDADE DEPENDENCIA: **Alfoz, Foz, Ribadeo, Trabada e Vicedo**

- ATENCIÓN E COIDADO ESPECIALIZADO A PERSOAS MAIORES DEPENDENTES
- ATENCIÓN INTEGRAL INDIVIDUALIZADA
- ASESORAMIENTO E XESTIÓN DE TRÁMITES RELACIONADOS COA SÚA SITUACIÓN
- LIBRANZAS VINCULADAS
- REALIZACIÓN DE TODO TIPO DE TAREFAS DOMÉSTICAS
- VENTA E ALUGUER DE AXUDAS TÉCNICAS E MATERIAL ORTOPÉDICO: CADEIRAS DE RODAS, CAMAS, GRÚAS...
- SERVIZO DE PERRUQUERÍA A DOMICILIO
- ADAPTACIÓN DE VIVENDAS PARA PERSOAS DEPENDENTES
- FISIOTERAPIA A DOMICILIO
- TRANSPORTE ADAPTADO

R/ Lodeiro, 2 – Baixo  
27850 VIVEIRO

Tlf., 982 55 09 40

Fax, 982 56 23 86

[sanroque@serviciosociais.com](mailto:sanroque@serviciosociais.com)

# Sauda da Concelleira

**INÉS LÓPEZ COUTO**

- Concelleira de Cultura -

## Ano I d.P.

### O 2025 foi o ano I d.P.

E diredes, que é iso de “o ano I d.P.”? Pois foi o primeiro ano no que Pilar López Pérez, a técnico de Cultura do Concello de Foz, (Pili de Cultura), veu o desfile sentada. Isto non sería algo reseñable se Pili non levára ao fronte da organización do

Entroido máis anos dos que teño eu. Así que, credeme, é un cambio que se sente.

Despois de anos de aprendizaxe ao seu lado, xa non ia de cero, pero os nervios son inevitables. Hai que estar atento a moitas cousas, é moita a xente que participa no desfile e moitos os detalles dos que hai que ter conta para que todo saia ben. Asumín o reto con ganas e coa cabeza preparada para todo. Por sorte, conto con xente ao meu lado que sabe como funciona un Entroido que é o mellor da volta e que tamén require dos mellores.

As barreiras de todo o percorrido colócanse e recóllense por persoal do departamento de Obras. Os cortes de tráfico, así como a fluidez do mesmo no entorno do desfile e durante o mesmo están vixiados pola Policía Local. Protección Civil de Foz e dos concellos da Mariña (e incluso máis alá dela) colaboran para que o desfile transcurra sen problema. Controlando a colocación dos grupos, as entradas, saídas e circulación, Mari, unha xefa de seguridade con aplomo e decisión. Ela e os seus compañeiros son un seguro para que na explanada portuaria todo sexa áxil como debe. Na saída dos grupos, Suso Castiñeira. Experiencia non lle



falta a alguén que leva anos vendo como os grupos saen na orde que deben e sen demora. O plan de seguridade, a montaxe de son, luz e graderío corresponde a empresas experimentadas e as imaxes que recibides na casa son Julio e Monti os que fan posible que as poidades ver. Bombeiros, ambulancia e corpos de seguridade supramunicipais colaboran para que todo transcurra sen incidentes.

A carroza da raíña (este ano rei) vai conducida e acompañada por persoal municipal de Obras e por Protección Civil tamén. E ademáis constrúese na nave de Fazouro cos nosos expertos entroideiros.

Mentras, o xurado observa como os participantes do desfile lucen fantásticos, bailan e fan rir. Guiados pola inigualable voz de Juan Varela, o noso mestre de ceremonias. Á espera de que algún día o seu compañeiro natural de narracións da historia contemporánea do noso Foz o poida acompañar, Pepo Suevos coñeceu de primeira man o noso bonito Entroido e sorprendeuse da súa grandiosidade coma todos os que nos acompañan ano a ano.

Co paso do último participante no desfile as luces do edificio do Concello de Foz acéndense, para que o xurado tome un chocolate e vaia informando das súas puntuacións. As sumas finais imprímense e nun sobre pechado acompañanme ata o baile para que o reinado poida entregar os premios. Antes, era eu a que recibía ese sobre coa firme "ameaza" de que: non se pode abrir ata o baile. Ninguén sabe o que vai aí como se entere alguén corre como a pólvora.

Ao finalizar, de novo o departamento de Obras recolle, e canda eles os servizos de limpeza viaria deixan as rúas de novo limpas e transitables.

O departamento de Cultura do Concello de Foz leva anos encabezando unha organización que require o esforzo de todo un concello, porque todos somos parte deste entroido.

Grazas a Pili e María José, e tempo de que poidades desfrútalos desde o outro lado (queda pendente desfilar). Grazas a todo o Concello de Foz.

Porque para que ti poidas desfrutalo, somos moitos os que traballamos para que todo saia ben, por iso...isto é Foz e aquí hai Carnaval!

# Sauda do Concelleiro

## ÁNGEL FERNÁNDEZ NEIRA

- Concelleiro de Xuventude -



2026. Outro ano máis aquí estamos . Outro ano máis de cea de coroación, de desfile, de mil cousas, entre elas escribir para a revista do Entroido. E qué dicir que non se dixera xa? Sempre resulta complicado arrancar, pero cando un se pon a escribir non chegan os folios para expresar en palabras o que é o Entroido de Foz para a xente de Foz.

Que me consola a min do Entroido de Foz? Poder ver como a xente esquece por un momento os seus problemas do día a día e disfruta convertíndose no seu ídolo, no seu cantante favorito, facerlle o plan ao político de turno... etc

O Xoves de Comadres, cada vez con mais auxe , cada vez con mais participación e diversión e logo arrincamos co pregón antes das

Coplas, este ano a cargo das Farangullas, que levan 17 anos desfilando polas nosas rúas, empezaron sendo 24 e agora xa son máis de 70!

O día do desfile é para min un día de moito traballo pero tamén de moito orgullo, de ver como se compromete e se implica a xente, tanto participantes como espectadores, por que incluso pese ás inclemencias do tempo están ahí ata ó final, e por iso só teño palabras de agradecemento a todo o mundo, xa que o traballo bonito e ben feito consíguese gracias a facelo todos xuntos.

E o Domingo de Touporrotou... coa Pomba do Arco... ahí hai que ir moi discretamente por que pode caer algún que outro cántico con sorna e simpatía e hai que aguantalo estoicamente.

E outra mención especial voulla facer por suposto ao Luns de Farolillo , ahí xa... tanto a xente que non vai ao desfile, coma a que foi que agora xa non ten a presión nin o cansancio do desfile e xa vai do que se lle ocorreu e atopou pola casa... eso é... simplemente... unha maravilla.

E finalmente, o enterro..o final de tanto traballo pero de tamén de tantos recordos e alegrías que nos deixa tódolos anos.

Que dá choio? Sí. Que hai discusións ?Sí. Que sempre se pode mellorar? Seguro. E así , dun ano para outro podemos ir mellorando e construíndo o que para nós é o mellor Carnaval do Mundo. Espero que disfrutedes tódolos días e que o pasedes xenial. A disfrutar focegos e focegas!



**QUE VIVA O  
ENTROIDO DE FOZ**

# REINADO 2025

Ola a todos e todas! Parece increíble que xa pasara un ano dende a última vez que escribía nesta revista e xa temos o Entroido do 2026 aquí con nós. Que alegría que se presente outro ano para disfrutar xuntos. Para min un pouco nostáxico (porque deixar a coroa cóstanos moito a todos) pero igual de especial que sempre. Recapitulando un pouco sobre este ano que pasamos de reinado non encontro as palabras para explicaros o agradecida que estou co Entroido de Foz. Xa sabedes que, dende que nacín, o Entroido é unha parte primordial da miña vida e este ano foi como pechar o círculo con él. Representar esta festa foi un honor grandísimo e lévome este ano para sempre connigo. Púxemos todo o noso esforzo, dedicación e amor en cada detalle do reinado e esperamos que todo o mundo disfrutara con nós como nós con todos vosoutros. A nena que miraba con ollos de admiración a todas as rainhas do Entroido sei que hoxe estaría moi orgullosa de todo esto.

Levámonos desto unha chea de anécdotas, momentos de nervios, de choros, de risas, de emocións... Grazas a todos por facer que esto sexa inolvidable para as tres, todo o mundo foi increíble con nós e deso acordarémonos sempre. Gustaríame





aproveitar estas liñas para agradecer a todas as persoas que fixeron esta realidade, entre elas, a Marité, a nosa modista que se implicou nesta aventura por completo e deu todo por nós pasando horas infinitas cortando metros e metros de tul arriscando incluso a súa vista.

Tamén grazas ás nosas familias, o noso consello real; Rosa, Elena, Nieves e Sandra que nos axudaron en todo o que puideron e, sobre todo, nos aguantaron. A Vane e a meu irmán Jorge, que nos maquillaron e nos deixaron increíbles. Tamén a toda a organización do Entroido que fai posible que todo saia adiante. Por suposto, grazas as Sin Xeito e, en particular, a todas esas persoas veteranas da comparsa das que aprendín o que é o espírito do Entroido que non entende de competencias si non de disfrute colectivo e de ser unha familia. Mulleres que contribúen co traspaso deste tesouro de herdanza que temos e das que aprendín todo.

Acabando xa, non podo non agradecer ás miñas damas, as mellores do mundo. Grazas por todos os momentos que pasamos xuntas este ano, pola sinceridade e por todos os desacordos e discusións que nos fixeron unirnos máis e sacar adiante o traballo que sacamos. Por nunca parar ata estar as tres conformes e polo equipazo que formamos. Por apoiarnos e por atrevernos a arriscar con todo, sobre todo con ese color branco polo que finalmente apostamos sin saber ata o último momento si era a decisión acertada ou no, coidando cada execución para parecer princesas de Narnia e non Elsa de Frozen.



Por último, grazas a todas as persoas que o facedes posible ano tras ano, a todos os que bailaron con nós na Bolera, a todos os que nos dedicaron palabras bonitas, a todos os que nos axudaron, a todos os que entenden o que esto significa... e, sobre todo todo todo, grazas ao Entroido de Foz, que me ensinou a soñar e que fixo os meus soños realidade. Brindo porque eso siga sendo sempre así, por ter arrugas, ser moi maior e seguir disfrutando del. ETERNAMENTE AGRADECIDAS, GRAZAS, GRAZAS E GRAZAS.

Antes de dar paso a que María e Icíá escriban unhas palabras, non quero deixar de desexar toda a sorte do mundo a Derek, Laura e Cristina. Sei que están ilusionadísimos e que o farán moi ben así que, só podo decirlles que aproveiten cada un dos momentos de todo isto e que coiden a coroa á que tanto cariño lle temos todos, sei que así será. E... sin máis dilación, deixovos coas miñas queridas damas. QUE VIVA O ENTROIDO DE FOZ!!!! NUNCA ME OLVIDAREI DISTO!!!!

Ola de novo, carnaveiros e carnaveiras!! Aínda que con moita pena de deixar atrás este fermoso ano, é o momento de transmitir o reinado e permitir que Derek, Laura e Cristina disfruten da experiencia. Entendemos que non todo o mundo comprende a nostalxia coa que escribimos estas palabras, xa non é doado de explicar a emoción coa que esperamos estas datas todos os que participamos no Entroido a alguén que non desfila, que non ten tradición carnaveira na súa familia ou a algún amigo da universidade que non ten a sorte de ter una vila que organice un Entroido deste calibre; imaxínade ter que explicar o que se sente ao poder representalo, abrir o desfile, poder recibir a todos os grupos cando este remata e asistir a todos os actos, dando os premios e vendo a ilusión dos afortunados que gañaron. Entendemos que non o comprendan porque non o viviron, pero invitamos a toda

esa xente a darlle unha oportunidade, deixar a vergoña na casa e pasar un Entroido en Foz, creemos firmemente que sen dubida vale a pena e que, unha vez que vés, queres volver.

Como ben dice Coral, foi un ano no que lle demos máis voltas á cabeza do previsto, por non saber si estaríamos á altura, por non ser quen de conseguir o efecto que queríamos no traxe ata o último momento, por querer pulir ata o ínfimo detalle... pero todo o traballo mereceu a pena. Non só o noso, estivemos moi ben arroupadas e aconselladas e nunca serán suficientes as veces que lles demos as gracias tanto ao Concello, a Marité e ás nosas familias. Aquí temos que facer especial mención as nosas nais, que estiveron ao noso lado e nos acompañaron neste proceso. Sen a súa axuda sen dúbida nada disto sería posible.

Tamen temos que falar das nosas queridas Trouleiras, cando vos vimos chegar foi cando realmente nos dimos conta de que este ano non sería coma sempre pero sabíamos o especial que sería bailar con vos esa última canción. Gracias por tanto, este ano xa volvemos a subir a costa todas xuntas.

Foi unha experiencia inolvidable, un soño que dende pequeniñas desexabamos cumprir e que por fin se fixo realidade coa mellor compañía posible. A próxi-

ma vez que nos vexamos no porto non será vestidas a conxunto nin a piques de subir á carroza, pero esperamos Coral, que repitamos a mesma foto no mesmo sitio moitos anos máis.

Derek, Laura, Cristina, desexámosvos que disfrutades este Entroido como se merece e como vos merecedes.



**QUE VIVA O  
ENTROIDO DE FOZ!!  
E QUE VIVA A RAIÑA  
DO 2025!!!!**

# REI e DAMAS 2026

## DEREK, LAURA & CRISTINA

### DEREK



Buenas, buenas carnavaleiros e carnavaleiras!! Chegou a nosa data, a nosa festa tan preciaada, o noso querido **ENTROIDO**.

Dicen que á terceira vai a vencida, e aquí estou: escribindo estas liñas sendo o **Rei do Entroido de Foz 2026**. Quen llo diría a aquel neno, que con tan solo 8 aniños, embarcouse na marabillosa vida nóma-

da que esta festa che fai vivir a estas alturas JAJAJAJ.

A día de hoxe aínda sigo en shock por todo o que me está a pasar: entrevistas, fotos, mais fotos e carreiras buscando cousas pos traxes sin conseguir nada. Eso si, os nervios a flor de piel.

O que me decían era certo: distrutaoi que pasa moi rápido; e así é, como sin darme de conta xa estamos festexando todos xuntiños e pasandooi ao grande.

Foron moitas horas buscando material, perlitas, dorados que non se mataran, pero a dia de hoxe vexo o resultado de todas as horiñas que levamos botadas, e que bonito nos quedou...

Obviamente neste proceso pasounos de todo un pouco. Paterame Coruña durante toda una mañá con Vilaboy sen atopar nada e que os pedidos non chegaran polo temporal foron unas das cousiñas que nos foron sucedendo. Peerooo, como presta.

Quizáis o que non me prestou tanto foi que ao estar en tantos sitios metido tivera que facer 3 traxes, pero bueno eso con paciencia que é a mai da ciencia lévase como se pode; se non que lle pregunten a miña abuela.

Este ano é o meu desfile numero 16, e non me toca subir a costa do Pema andado, puntito pa nos, que nos levan no carrito. E falando da carroza tamén vai haber que pensar na redución das doses de vermú e chopitos, que aquilo é alto de carai.

Xa por ir rematando e deixandolles paso as liñas das miñas damas, primeiro de todo agradecerlle a miña abuela todo o esforzo que fai pa tar ahí todos os anos, agradecer a miña comparsa Ruxe Ruxe todo o apoio e o aprendizaxe xunto a eles; vironme crecer neste e voules agradecer sempre todo o que me tiveron que aturar. Marité e Mari Carmen, as modistas, gracias por facer realidade os nosos deseños e aguantar tantos cambios que lles metimos. A todos os Focegos carnavalesiros por todo o que facedes ano tras ano para levar esta festa endiante currando coma jabatos e jabatas para poder decir que temos o mellor Entroido da Mariña, de Galicia e do Mundo.

E por suposto as miñas damas, Laura e Cristina gracias infinitas por compartir esta locura conmigo. Ámovos.



## **VEMONOS NO PORTOO!! QUE VIVA O ENTROIDO DE FOZZZZZ.**

### **LAURA**

Como ben dixo Derek anteriormente, eu son Laura, unha das damas do entroido deste ano.

Desde ben pequena, na miña casa o entroido disfrutouse e viveuse, xa que meus pais cando eran novos sempre se disfrazaban e a min, con tan solo 6 meses, xa me puxeron o primeiro disfraz, e desde aquela cada ano fun sumando fotos e recordos, os cales miro con agarimo e emoción.

Cada ano admiraba a xente que participaba no entroido e sempre tiveron ese soño de ser un deles, pero non foi hasta os 13 anos cando miña mai me meteu nun grupo de entroido "O mellor de cada casa" ahí aprendín a vivir o entroido desde dentro e comezaron os meus primeiros pasos nesta andaina carnavalesira. Gardo con moito cariño todo o que me ensinaron e todos os momentos que vivin con eles, cada taller, desfile e ensaio, eses anos teran un sitio no meu corazón.



Sempre recordarei aquel desfile de Foz que tiven que ver desde fora, debido a que non puideramos salir do que chovía, nese mesmo momento soupen que nunca máis quería vivir un desfile dende fora, xa que como ben se di “e se chove, dúas voltas”.

No 2020 recordo estar co meu grupo no muelle esperando con ansias que chegaran os demais participantes, entre eles as “Sin Xeito”, a miña actual comparsa, nese momento sentín unha emoción e un sentimento que nunca antes notei cando as vin bailando ao son desa batukada, recordo que se me escapara algunha lagrima e foi nese instante cando soupen que quería desfilas con elas, en especial con Carla e Uxia.

Levo na comparsa dende ese ano, e non me imaxino un desfile sen ser ao seu lado, desfruto de cada momento, taller, ensaio, desfiles, coplas... e cada unha das cousas que engloban todo o entroido, obviamente sen olvidarme das miñas Amigachas e de cada pepsi dos domingos despois de ensaiar, sen elas non o viviría con estas ganas e sentimento, xa que o máis bonito desto é con quen o compartes.

Falando de compartir o entroido, teño que nombrar a miña mai, xa que ela é a miña compañeira estrela, ven conmigo a cada desfile, axudame con todo, emocionase e viveo como si fora ela desfilando, sempre detrais das vallas para o que necesitamos. A miña familia ven cada ano ao muelle pa verme salir, sobre todo sinto moita emoción en pensar en meus abuelos que sempre están ali vén dome por encima de todo, e de poder compartir este ano tan especial con eles.

Sei que vai ser un entroido moi especial, xa que, no 2023, cando Uxía foi a rainha e Carla e Iria as suadamas, vivino como se fora o meu ano, e se ese ano non me chegaron os paquetes depañuelos, non me quero imaxinar este. Pero sin duda ao q mas lle teño q agradecer este ano é a Derek, que desde que tiñamos 16 anos sempre me dixo que quería que fora subida nesa carroza con él, e enche-

me de admiración poder decir que por fin este ano vamos cumprir o soño que o levamos tendo desde fai 10 anos. Estou moi agradecida de que me elegira para estar con el neste día tan especial e que recordaremos para o resto da nosa vida.

Grazas a todos os que facedes posible que este entroido siga medrando, vemonos o 14 de febreiro. E como decimos sempre...

# ¡ISTO É FOZ, E AQUÍ HAI CARNAVAL!

## CRISTINA

Hola a tod@s, son Cristina a dama que faltaba.

Eu o Entroido lévooi no sangue dende sempre. Sempre estiven metida na festa, mirando desfiles, berrando, rindo e vivindo o carnaval como se estivese dentro... aínda que a maioría dos anos tocou ver os toros dende a barreira. Son dama de Entroido, que iso non é pouca cousa, e aínda que só puíden destilar un ano, xa me deixou marcada para sempre.

Este ano por fin estou onde quería estar: na comparsa Ruxe Ruxe. Con nervios, ilusión a tope e ganas de pasalo como nunca. A verdade é que aínda non me creo moito que vaia ir subida nunha carroza, pero aquí estamos, listas para dar guerra.

E se isto é especial, máis aínda por quen me vai ver. A miña bisavoa, que vive no Parque Branco, que leva toda a vida vendo pasar os desfiles dende alí, este ano vai verme a min. Si, a min, na carroza. Só de pensalo xa me caen as bagoas da emoción..

E se todo isto foi posible, hai que dicilo claro: foi grazas a Derek, o meu mellor amigo, que fixo que todo encaixase e que eu estea aquí este ano. Porque no Entroido tamén conta quen está ao teu lado, e eu tiven a sorte de ter ao mellor.

Así que este ano o Entroido vén con máis ganas, máis risas, máis emoción e máis corazón ca nunca. Porque isto é festa, é xente, é familia... é pasalo en grande.

# QUE VIVA O ENTROIDO DE FOZ!!!

# AS GALANAS



VANCHE GALANAS! Frase típica dos focegos que quere dicir que van daquela maneira!!, non moi ben engalanadas!!

Pois ai vamos, esas somos!, esas que van galanas, que disfrutan con cada paso que dan, que son unha piña, que se rin de si mesmas, que se renovan, que encontran novas habilidades, que se transforman e aprenden crecendo con fortaleza, en definitiva, que rexorden como o ave Fénix das súas cinzas.

Pois o mesmo nos pasa no carnaval, que si que vamos! Que non!, que isto xa non é o que era!, que o desfile é moi longo!, que os traxes son moi complicados de facer e caros!, que non hai tempo!, que non temos alta voces ou se rompen!, que de que vamos ir?, si en decembro aínda nin o falamos!

Entón como o Ave Fénix de novo xorden a forza, as ideas, as gañas, as risas,



os malentendidos, as reunións aliñadas con licores, os whatsApps interminables, xurde en fin, todo o necesario para que está tradición



non se rompa, e así é como se argalla algo para saír neste carnaval 2026 e vexades si vamos galanas ou non!

E o noso desexo que este entroido 2026, sexa coma todos os anos moi especial, que nos deixe moitas anécdotas, encontros, risas, e recordos deses dos que falar o resto do ano, que sexa una gran festa e que nos motive para seguir resurxindo ano tras ano.

## SOMOS CARNAVAL



# BONAERENSIS S.V.

## ARREDOR DA PRÉSA

Ter présa non é bon –dín eses que saben. A présa non trae cousas axeitadas. Facer cousas á présa remata mal o labor. A présa é do díaño e a paciencia é de Deus. ¡Tanta présa!

A vila, –a nosa–, coma bon porto de mar, é costenta, con présa é montañosa. O neno que chora, ten présa. Os meses teñen présa de esgotar á nómina. O microondas é o electrodoméstico da présa. Os xornais teñen présa das novas.

Os seguros de vida teñen présa da morte. Tik tok é a présa nos ollos. A preñez ten présa por nacer. O móbil é a présa á distancia. A luz ten o record da présa. O viño e a présa da inconsciencia. O día ten présa da noite. O erro deveze pola présa. O coche é unha présa con rodas. Os prezos son os namorados da présa. A présa mesmamente ten présa.

Que mala prensa ten a présa. Devagar, reflexión, paseniñamente, tranquilidade, paciencia, acougo, descanso, sosego, serenidade, quietude, paz. Son cousas, estas anteditas, que –había que velo– producen longa vida, pensamentos





claros e limpos. Desde Lao Tse, os estoicos, Marco Aurelio, os filósofos de sopa de convento e moitos outros que o mundo chama sapientes, recomendan. Non falemos xa en termos de saúde pois, se che sube o cortisol, de camiño para a furada, non paran de dicir nos centros de saúde.

Nembargantes o Antroido é o ditoso tempo da présa: xuntanzas urxentes para discurrir plan; présa para mercar, encargar, coser, arranchar; présa na ferretería, no chino, na papelería; présa cos de Ámazon –eses non dan feito; présa coa carroza, coa moto tuneada, cos neumáticos e altavoces; présa nos ensaios, nas coreografías; présa nas pernas de tantas voltas e revoltas; présa nas mans para grapar, martelar e cravar; présa nos ollos –pois a cousa ten que ver; présa nos ouvidos para afinar– nalgúns casos isto non é de seu; e véña présa; présa procurando nos faiados, almacéns, en rochos, en casetos.

O sábado de desfile xa é a tolemia da présa: un que non ven –ese non ten présa, ¡que pena!; présa por rematar, (neste intre recomendase a cinta americana); maquillaxe aqueloutrado pola présa; présa por tomar viño; présa por chegar ao restaurante; présa comendo o cocido, cos licores. Corre cara ó porto con présa.



Chegados alí, o éxtase, baixan as revolucións, todo se acomoda: brillan ollos e amosan sorrisos. Emoción e ledicia. Tanta présa pagou a pena. Sí, paga a pena.

Todo, todo, todo gracias á présa. Bendita sexa.

Voume que me teño que me ir, que levo présa.

# BURRAS VELLAS

O que está a acontecer este último ano é preocupante. A alteración de realidade que considerabamos inmutables é un feito e o mundo xa non é o que era.

Que OTAN? Non, ho... Falamos das Burras Vellas.

Neste grupo está a haber cambios substanciais que se demostrarán o día do desfile. Atréveme a dicir que case tantos cambios como nas direccións das rúas do pobo (hai rumores de que uns veraneantes seguen perdidos dando voltas polas casas baratas...).

Fóra bromas, no grupo pálpase unha maior seriedade. Din que o ser humano se adapta segundo as circunstancias que lle van acontecendo, polo tanto, é posible que sexa unha necesidade. Pode ser que desta maneira no banco nos den unha hipoteca para os prezos que se están a pedir. Non se sabe, de momento xa hai xente do grupo que emigrou para un concello limítrofe que empeza por B (pero que el denomina 'Case Cervo').

Son dous os factores que motivaron este cambio. O primeiro deles é que, co paso dos anos, todos observamos que a fina peluxe dos glúteos tornábase máis densa e revirada de tanto depilala. E a razón definitiva, a de maior peso, a que decanta a balanza: A comida do sábado de Entroido é a de maior asistencia ao longo do ano. O momento no que, unha vez que está todo listo, podes disfrutar, relaxarte e agardar o desfile cun bo cocido. Pois entenderedes que non hai ningunha necesidade de pasar este gran momento todos os anos, véndolle os morros pintados ao Chachi sorbendo na sopa, o colorete das fazulas a Samu mentres se pelexa cos



garavanzos ou o ollo engalanado con rímel a Nacho papando no botelo. A dixestión desa comida, como podedes imaxinar, cada ano tornábase máis complicada e non quedou outra que tomar medidas.

Noutra orde de asuntos, tamén nos gustaría darlle a despedida que merece á persoa que leva financiando na sombra o noso grupo coa caixa B da súa casa. Cústanos imaxinar as rúas no 2027 sen a súa cara pendurada nos postes do alumeadado. Bo e merecido descanso, JJC. Agora que KJ xa acabou contigo, sempre che quedará a loita polo Trono de Hierro nos Ñasss contra Bigotes de la Tormenta, da casa Targaryen ou Aitor RedLeg Baratheon.

Parabéns ao Rei, por certo! Logo de tantos anos agardando este momento, por fin o poden celebrar. E non nos referimos só a Derek por ser elixido, senón ás Ruxe, que por fin sairán a desfilar de día. É increíble o cariño que lle imos collendo, case todos, a esta comparsa rural. E dicimos case todos porque imaxinamos que despois de pedir 756 entradas para a cea de coroación, algún dos que quedou fóra terá máis aprecio polas comparsas urbanitas.

Ao rematar o desfile, como é costume, estaremos ao lado do autocine de Barreiros (ese bar cun clima cálido, pet friendly e unha pantalla sen HD coa que pretende competir co Namarinós, capaz de ofrecerche un Barça-Madrid escoitando a Michael Bublé.

E que mellor forma hai de acabar isto que con un chiste? Aí vai...

**-As Pías contrataron coreógrafo!**

*Antón Eijo - BV*



# E CHE O QUE HAI

## O ESPERTAR DO XIGANTE

Cando febreiro asoma pola Mariña, Foz deixa de ser un punto no mapa para converterse nun estado mental. Non importa un o que diga o tempo; aquí o sol estala por decreto municipal dende a Ermida do Bispo Santo ata o último recuncho da Rapadoira. Neste 2026, o noso Entroido non é só o regreso dunha tradición: é o estalido de cor dun pobo que leva o ritmo no sangue e a retranca por bandeira.

Unha vila feita escenario: Foz non celebra o Entroido, Foz convértese en Entroido. É unha metamorfose colectiva onde o Río Masma e o Pico da Lebre asisten como testemuñas ao maior espectáculo do norte. Dende o repenicar de xúbilo da Basílica de San Martiño ata a maxia nocturna da Sala Baía, cada rúa respira creatividade. É o momento de derreter a escarcha co brillo dos disfraces e de cambiar o carácter baixo o feitizo da música, a amizade e a boa mesa.

O Espírito da Rúa: Unha Cultura Compartida: A verdadeira maxia deste 2026 reside na unión. Peñas, asociacións, comparsas e charangas forman unha onda imparable de luz e estrondo. Entre todos, destaca ese espírito tan noso que peñas como “Eche o que hai” elevan a categoría de arte: a capacidade de rirse de un mesmo e facer do cotián unha utopía.

Porque en Foz sabemos que se algo non sae perfecto, “eche o que hai”; o importante é a convivencia, o esforzo de meses de traballo e ese anhelo de facer gozar a veciños e visitantes por igual. O Entroido é a nosa terapia, a nosa relixión e o noso xeito de dicirle ao mundo que aquí a ledicia é innegociable.

Un Legado de Ouro: Mentres as campás soen e a fantasía percorra o noso ben querido pobo, o Entroido de Foz seguirá sendo ese paraíso invernal que un día chegou para non marchar xamais. Vivámolo, gocémolo e fagamos que este 2026 sexa eterno.

# AUPA O ENTROIDO DE FOZ E AUPA A PEÑA E CHE O QUE HAI



# FARANGULLAS

O turrón, os polvoróns, as uvas pasas... todo aínda enriba da mesa. Non saímos dunha enchenta e xa veñen as orellas, as rosquillas e as fi lloas. Mentres reco-llemos a árbore, imos atopando purpurina, silicona quente e brilli-brilli por todas partes... E isto só pode ter un signifi cado: o Entroido está xa petando á porta.

E, como todos os anos, a mesma historia: hai que empezar axiña para que non nos colla o touro. Pero non sabemos que pasa que sempre acabamos mal e a rastro. Pedidos que non chegan, aquilo que non pega nin con cola, estou farta de coser, os bailes non me saen...

Todo é unha tolemia, pero bendita tolemia!!! Como di o refrán: perdónoche o mal que me fas, polo ben que me sabes.

E así estamos as Farangullas: apuradas, toleando e correndo contra o reloxo con todo o que hai que facer para que o vindeiro 14 de febreiro estea todo listo e poidamos saír de novo ás rúas do noso querido Foz para enchelas de cor e ledicia.



Ademais, este ano é moi especial, xa que a organización do Entroido decidiu nomearnos pregoeiras. Isto échenos de orgullo, pero tamén sabemos que supón unha gran responsabilidade. Tentaremos estar á altura e facer un pregón como merece a mellor festa do ano.

E, como manda a tradición, este 31 de xaneiro recibirá a coroa Derek, rei do Carnaval 2026. Dende aquí desexámoslle moita sorte, tanto a el coma ás súas damas, e que gocen ao máximo do seu reinado, porque o Entroido non perdoa... pero compensa dabondo!

Así mesmo, no CENIMA poderase visitar a exposición sobre a historia dos nosos dezasete desfilas. Agardamos que sexa do voso gusto e que a gocedes tanto coma nós. Moitas vivencias, moitos recordos, moita ilusión e moita festa agochadas detrás de cada unha das pezas expostas.

**O Entroido chama...**

**e as Farangullas xa estamos listas para abrirlle a porta.**

# VÉMONOS NA RÚA!



# KATUXADA

# 10

## DEZ ANOS BRILLANDO

O ano pasado puxémonos en modo crítico. Abrimos a veda. A crítica, a sátira, o “hola... Concello, aquí Katuxada”, ¿lembran?

Pero que ningún se alarme: este ano non vimos protestar. Tranquilidade nos despachos municipais.

**Este ano vimos celebrar.**

Porque Katuxada cumpre dez anos. **¡10!**

Que dito así parece pouco, pero en tempo de Entroido equivale a unha boa colección de etapas, moitas maniotas, unha capacidade infinita para improvisar e, o máis importante, moitas amizades. Tamén unha aprendizaxe continua grazas a outros grupos máis veteranos que compartiron connosco trucos, experiencia e saber facer.

Katuxada naceu como nacen moitas grandes cousas: un grupo de mulleres, na súa maioría nais, que decidiron saír no desfile de Foz cos seus fillos.

Daquela eran pequenos, moi pequenos: entre dous e sete anos. O xusto para levalos da man, ensinarlles... e decidilo todo por eles.

¡Que tempos aqueles!

Nós elixiamos os disfraces, a música, o ritmo e ata o entusiasmo. Eles asentían, saían e xa.

Hoxe, dez anos despois, aqueles nenos e nenas son preadolescentes e adolescentes.

E aquí vén o verdadeiro xiro de guión.

Porque agora opinan.

Moito.

De todo.

**Todo. O. Tempo.**



Que se a saia é curta.  
Que se non é suficientemente curta.  
Que se esa música "non pega".  
Que esa canción é moi antiga.  
Que se o paso é moi lento.  
Que se "mamá, iso xa non se leva".

¡Quen nos ía dicir que era máis doado desfilar con eles nos brazos que convencelos agora!

E por se fose pouco, nestes dez anos houbo outras voces con (moito, pero moito) peso propio:

as nais das Katuxas orixinais.  
Agora xa xubiladas.  
E tamén opinan.  
¡Carallo se opinan!

Porque claro, chegan cunha autoridade difícil de discutir: "¿vasme dicir ti a min, a estas alturas, como hai que facer isto?"

E aí xa non hai saia curta, nin música antiga nin ritmo lento que valga.

En definitiva, membros de Katuxada, asumídeo:

**mangonéannos por todos os lados**

Pero tranquilos...

son cousas que pasan nas mellores familias.

Porque Katuxada segue sendo, ante todo, un grupo de amigos.

Unha familia.

Unha desas familias elexidas, con procedencias distintas, vidas repartidas en diferentes lugares e axendas imposibles que, unha vez ó ano, fan encaixe de bolillos por cadrar datas, disfraces e enerxías para reunirse de novo e saír xuntas no Entroido de Foz.

Algo así como unha reunión de Nadal...

pero sen discusións (ou discusións pequenas), sen curmáns incómodos e con moita máis purpurina.

Aínda que, a dicir verdade, purpurina non precisamos: Katuxada naceu brillando e o da purpurina son, simplemente... esixencias do guión.



Dez anos despois, seguimos saíndo.

Seguimos rindo.

Seguimos discutindo (un pouco).

Seguimos chegando tarde (ás veces; ben, bastante).

E seguimos crendo que o Entroido se constrúe desde abaixo, desde a rúa, desde a xente que decide participar porque si, porque lle apetece e porque paga a pena.

### **Katuxada cumpre dez anos**

E se algo aprendemos neste tempo é que o Entroido, como a vida, cambia.

Os nenos medran, as opinións multiplícanse... pero as ganas de saír xuntos, de facer ruído e de gozar seguen intactas.

**E iso, con ou sen crítica, con ou sen saia curta,  
é motivo máis que suficiente para celebralo**



**ANA Arte Floral**

Alvaro Cunqueiro 31  
27780 - Foz (Lugo)



# CEA de CORONACIÓN



# INAUGURACIÓN



# PREGÓN



# COPLAS




# CEA de COMADRES



# DESFILE 2025



# BAILE / PREMIOS ADULTOS



# BAILE / PREMIOS INFANTIS





# O PLAN



# QUEIMA do ENTROIDO



ISTO É  
FOZ  
E AQUI HAI  
CARNAVAL

# K Q U E S S S ? ? ?

Querido Entroido de Foz:

Para **Kquesss** o Entroido non se vive, sobrevólase. É ese ruído constante na cabeza que aparece en canto remata un entroido e xa non se vai: ideas que baten unhas contra outras, plans imposibles e noites en vela pensando dónde poderemos traballar... e se haberá sitio para todos.

Este ano a cousa veu revolta. Recortar, pegar, pintar, desmontar e volver a montar. Materiais con vida propia, inventos que prometían moito e que eran imposibles de levar a cabo, e máis dun momento de parar, mirar a obra e preguntar en voz alta: "pero como se nos ocorreu isto?". A resposta nunca aparece, pero a cervexa axuda a aceptalo.

Entre plumas, foam e quebradeiros de cabeza, tamén houbo risas, cachondeo e moito compañerismo. Porque cando algo cae, sempre hai alguén que di: "non pasa nada, isto arránxase", aínda que por dentro esteamos todos pensando o contrario.



O Entroido é iso: voar baixo, voar alto, desordenarse un pouco e disfrutar, mesmo cando toca planexar a ceugas e confiar en que todo encaixe ao final. E se nos vedes voando baixo, non vos preocupedes: forma parte do plan... ou polo menos diso imos convencer a todos.

Levamos moitos anos dando voltas polas rúas de Foz, aprendendo a base de golpes e celebrando cada edición coma se fose a primeira. E agora o grupo medra doutro xeito: pequenas sombras que nos seguen os pasos, pitiños que pián sen parar, que aínda non voan sós pero baten as suas ás con máis ganas ca nós e veñen pisando forte para coller altura (e para roubarnos protagonismo).

Pode que pareza que vivimos suspendidos no aire, que ás veces se nos crucen os cables ou que montemos niños onde menos se espera... pero así somos. Unha bandada un pouco desordenada de amigos e familias, de distintas xeracións, que cada ano se xunta para facer barullo, moverse xuntos e asegurarse de que isto non cae... aínda que algunha pluma sempre quede polo camiño.

Desexámosvos un Entroido salvaxe, alegre e sen freos. Que o gocedes ata quedar sen voz, que riades ata que doa a barriga e que Foz volva demostrar, un ano máis, que aquí se celebra o mellor Entroido do mundo.

**Foz non cae: levanta o voo.  
Kquesss e PequeKquesss deséxanvos un**

**BO ENTROIDO!!**





# Programa

Do 12 ao 28 de febreiro  
na sala de exposicións do CENIMA,  
**EXPOSICIÓN DE ENTROIDO**

este ano adicada á  
**“COMPARSA AS FARANGULLAS”**

## SÁBADO, 31 DE XANEIRO

12:00h Actuación das comparsas

**SIN XEITO AS FARANGULLAS MALOSERÁ**  
**RUXE RUXE AS TROULEIRAS** polas rúas da vila.

21:00h Apertura de portas para a

**Cea de Coroación do Rei do Entroido.**

22:00h Cea de **Coroación do Rei do Entroido** na rúa Atalaia

**COSME DEEJAY** e **GRUPO LOS COLEGUITAS**

## XOVES, 12 DE FEBREIRO «XOVES DE COMADRES»

20:00h Inauguración da **EXPOSICIÓN DO ENTROIDO DE FOZ**  
adicada a **“COMPARSA AS FARANGULLAS”**.

21:30h **Cea-Baile de Comadres** na Sala Bahía de Foz.

Organizada por Affamer e Asociación de Amas de Casa de Foz.

Baile con **PRIMERA LÍNEA**

Para anotarse nos locais sociais de amas de casa os luns de 17'00h  
a 19'00h e afammer martes de 17'30 a 19'00h data limite o 25 de febreiro.

## VENRES, 13 DE FEBREIRO

20:00h **Pregón do Entroido 2026.**

A cargo da **“COMPARSA AS FARANGULLAS”**.

20:30h **Concurso de Coplas** na carpa situada na rúa Atalaia.

As persoas interesadas en participar deberán anotarse no correo  
electrónico [revistaentroido@gmail.com](mailto:revistaentroido@gmail.com) ata o día 20 de febreiro.

As categorías de participación serán as seguintes:

- Individual ou Parellas: 3 Premios de 30€
- Grupos: 50€.

Para máis información consultar bases na Delegación de Cultura do  
Concello de Foz.

## SÁBADO, 14 DE FEBREIRO

10:00h **CHUPINAZO.**

12:00h Actuación da CHARANGA **SANTA COMPAÑA** polas rúas da vila.

15:00h Apertura do graderío.

16:30h **XLIV DESFILE DO ENTROIDO.** Máis de **8.000€** en premios (ver bases). Saída desde a zona portuaria e remate no Campo da Cabana.

Actuación do **BLOCO AFRO BATUCADA TRÓPICO DE GRELOS.**  
**GRAN BAILE** na carpa da rúa Atalaia.

23:00h Apertura de portas.

23:45h Actuación de **GRUPO D'CANO** e **GRUPO LA BAMBA**

01:30h **ENTREGA DE PREMIOS DO DESFILE.** Entrada 7€.

## DOMINGO, 15 DE FEBREIRO «DÍA INFANTIL»

17:00h **BAILE INFANTIL** na carpa situada na rúa Atalaia coa actuación musical infantil de **LA GUAGUA.** Inchables, talleres e obradoiro infantís. Entrada 4€.

23:00h **Entrega dos premios infantís.**

20:30h **TOUPORROUTOU** no Salón de Actos do Colexio Martínez Otero. Organiza a **Asociación POMBA DO ARCO.**

## LUNS, 16 DE FEBREIRO «DÍA DO FAROLILLO»

17:00h **BAILE DO FAROLILLO INFANTIL** na Sala Bahía. Entrada infantil 3€ con farolillo incluído. **Adultos gratis.**

Organizada **Asociación Cultural O FEITIZO.**

23:00h TRADICIONAL **BAILE DO FAROLILLO**

na rúa Atalaia coa actuación da

**ORQUESTA MIRARMAR** e **COSME DEEJAY.**

Entrada 4€.

## MARTES, 17 DE FEBREIRO

17:00h **GRAN BAILE INFANTIL** na rúa Atalaia con inchables.

## VENRES, 20 DE FEBREIRO «QUEIMA DO ENTROIDO»

20:30h Saída da Comitiva Fúnebre desde o Campo da Cabana á Praza Conde de Fontao e **QUEIMA do ENTROIDO.** Ágape para os asistentes. (Pregamos que os asistentes vaian de loito rigoroso).



# **SANBET AGENCIA**

ESPECTÁCULOS | TEL: 608 66 13 12

# BASES:

## 1. Inscripcións:

Os/as participantes no desfile en categoría de grupos adultos con ou sen artilluxios, comparsas e carrozas, deberán anotarse no Rexistro do Concello de Foz (982140027) ata o luns 9 de febreiro ás 14.00h para poder participar no sorteo de orde de saída do desfile. Este sorteo terá lugar o luns 9 de febreiro ás 20.30h na Casa da Cultura. Todos/as aqueles participantes que non se anoten nese prazo poderán anotarse ata o Xoves 12 febreiro ás 14.00h. Terán preferencia na orde de saída os grupos que participen no sorteo podendo quedar o resto para desfilar ó final, reservándose sempre a organización, segundo o seu criterio, a posición definitiva dos grupos anteriormente citados (grupos con ou sen artilluxios, comparsas e carrozas).

• Agradécese a todos os/as participantes que pasen pola mesa de inscrición con puntualidade para evitar aglomeracións, ou ben, que faigan antes a súa inscrición no Rexistro do Concello de Foz os días anteriores ou na sede electrónica do mesmo <https://concellodefoz.sedelectronica.es/info.0>.

2. O desfile sairá do peirao da vila ás 16.30h e rematará na Pista do Campo da Cabana, debendo os/as inscristos/as realizar todo o percorrido.

3. Todo/a participante que non leve número de dorsal non poderá entrar en concurso.

4. Cada participante que se inscriba fóra da súa categoría será eliminado pola organización.

5. Cada participante será responsable dos danos que puidera ocasionar a terceiras persoas.

6. Serán descalificados/as ou expulsados/as do desfile aqueles/as participantes que levando animais procedan con eles/elas con violencia ou calquer outro tipo de maltrato físico ou os ridiculicen.

7. Prégase aos participantes que sigan as instrucións dos/das responsables da organización para poder facer o desfile coa máxima orde posible. • Quedarán descalificados e expulsados do desfile aqueles/as participantes que non atendan as ordes de protección civil, organización do desfile, policía municipal, etc.

8. Representacións. Por ser un acto para todos os públicos non se permitirán representacións obscenas, que poidan ferir a sensibilidade dos/as espectadores/as.

9. Os grupos deberán limitar a tres o número de bailes en estático (nun punto fixo) realizados no percorrido, xa que o exceso de paradas ralentiza o desenrolo do evento. Así mesmo, so se poderá realizar un baile no graderío. Os grupos grandes deberán situarse no centro para a realización do mesmo e unha vez finalizado deixar baleiro o graderío para que poida actuar o seguinte grupo. Deberán camiñar o suficiente como para que o seguinte participante poida realizar a súa actuación sen ser entorpecido polo anterior. O tempo establecido para o baile serán menos de 3 minutos.

10. O xurado estará formado polas persoas que a organización designe de Foz ou de outros concellos e realizará a súa puntuación ao longo de todo o percorrido.

• A deliberación do xurado será ó remate do desfile e estará facultado para deixar premios desertos ou descalificar se algún/algunha compoñente do desfile incumpriu as bases.

11. Os premios serán recollidos obrigatoriamente no baile o día 14 de febreiro para os adultos e no baile do 15 de febreiro para as categorías infantís. Prégase acudir á entrega de premios disfrazado.

12. A organización resérvase o dereito de cambiar o horario ou de suspender o desfile por causas de forza maior ou en caso sumamente necesario.

13. A organización resérvase o dereito de deixar premios desertos se o xurado así o considera porque os participantes non presenten uns mínimos esixibles.

14. Quedarán descalificados/as ou expulsados do desfile todos/as aqueles/as concursantes que non cumpran as bases.

**\*GRUPOS ADULTOS CON ARTILLUXIOS:** Estes grupos levarán ou ben artilluxios de mínimo 4x1 ou ben vehículos como carroza. Entenderase por artilluxio calquera mecanismo, artefacto, sobre todo se é de certa complicación. O artilluxio debe ter rodas ou motor e ser enxeñoso. Non se considerarán artilluxios aqueles que vaian pegados ao corpo ou incorporados no propio disfraz. Tampouco se considerarán artilluxios os elementos de pequeno tamaño que se podan considerar accesorios ao disfraz.

# Modalidade

## CARROZAS

Aprox. o 50% dos membros deberán ir enriba da carroza.

<b>1º Premio</b>	<b>1.250€</b>
<b>2º Premio</b>	<b>600€</b>
<b>3º Premio</b>	<b>300€</b>

## COMPARSAS Con turutas

<b>1º Premio</b>	<b>700€</b>
<b>2º Premio</b>	<b>500€</b>
<b>3º Premio</b>	<b>400€</b>
<b>4º Premio</b>	<b>300€</b>
<b>5º Premio</b>	<b>200€</b>

## GRUPOS ADULTOS CON ARTILUXIOS\*

<b>1º Premio</b>	<b>600€</b>
<b>2º Premio</b>	<b>400€</b>
<b>3º Premio</b>	<b>300€</b>

## GRUPOS ADULTOS SEN ARTILUXIOS

<b>1º Premio</b>	<b>400€</b>
<b>2º Premio</b>	<b>250€</b>
<b>3º Premio</b>	<b>150€</b>

## PARELLAS ADULTOS

<b>1º Premio</b>	<b>300€</b>
<b>2º Premio</b>	<b>250€</b>
<b>3º Premio</b>	<b>200€</b>

## INDIVIDUAIS ADULTOS

<b>1º Premio</b>	<b>200€</b>
<b>2º Premio</b>	<b>150€</b>
<b>3º Premio</b>	<b>100€</b>

\***GRUPOS ADULTOS CON ARTILUXIOS:** Estes grupos levarán ou ben artiluxios de mínimo 4x1 ou ben vehículos como carroza. Entenderase por artiluxio calquera mecanismo, artefacto, sobre todo se é de certa complicación. O artiluxio debe ter rodas ou motor e ser enxeñoso. Non se considerarán artiluxios aqueles que vaian pegados ao corpo ou incorporados no propio disfraz. Tampouco se considerarán artiluxios os elementos de pequeno tamaño que se podan considerar accesorios ao disfraz.

# s e Premios

## GRUPOS INFANTIS

<b>1º Premio</b>	<b>200€</b>
<b>2º Premio</b>	<b>150€</b>
<b>3º Premio</b>	<b>100€</b>

## PARELLAS INFANTIS

*Se un dos membros é maior de 16 anos deberán ir á categoría de adultos.*

<b>1º Premio</b>	<b>120€</b>
<b>2º Premio</b>	<b>100€</b>
<b>3º Premio</b>	<b>75€</b>

## INDIVIDUAIS INFANTIS

*Menores de 16 anos.*

<b>1º Premio</b>	<b>75€</b>
<b>2º Premio</b>	<b>50€</b>
<b>3º Premio</b>	<b>40€</b>

## AO INXENIO

<b>GRUPOS</b>	<b>Premio</b>	<b>100€</b>
<b>INDIVIDUAL/PARELLA</b>	<b>Premio</b>	<b>30€</b>

<b>AO MÁIS VELLO/A</b>	<b>Premio</b>	<b>30€</b>
------------------------	---------------	------------

<b>AO MÁIS XOVE</b>	<b>Premio</b>	<b>Un agasallo</b>
---------------------	---------------	--------------------

Organiza:



Concello  
de **Foz**

# MOLETES

Dezaseis anos leva o **Pe do Molete** participando no Entroido en Foz, dezaseis anos leva Puntete (este sí que vale para disfrazarse de Maduro) en todas as reunións dando a “tabarra” de que algún ano hai que ir dos “Autos Locos”.

Pois resulta que á decimosexta vai a vencida e a moletada vai de “Autos Locos”, así que todos os moletes levan un coche para circular, respetando

escrupulosamente as normas marcadas. Curiosamente é o ano que se instaura por primeira vez o control de alcolemia no desfile; coin-





cidencia, mala suerte, teoría conspiranoica...; será Prieto que non se amaña co sentido das rúas... de aí que se confunda de...

Dende esta Asociación Cultural Deportiva, que é o **"Pe do Molete"**, onde a única función é velar pola boa convivencia da vila. Solicitamos que Iker Jiménez ou outro botarate calquera do programa Horizonte investigue esta teoría conspiranoica contra os moletes e poda arroxar algo de luz na escuridade.

**ACLARAR:** que Puntete deu 0,0 na proba. (que non é el porque está pixelado). Prieto non quere nin mirar o maquinillo.

Aproveitamos tamén para comunicar como asociación, que estas navidades teremos a vosa disposición participacións da lotería de Nadal,



**NÓS SOMOS XENTE SERIA  
NON COMA OS DE VILLAMANÍN**

# RUXE RUXE

Pois si, sen decatarnos volvemos a estar aquí, na Cea de Coroación, a antesala á mellor época do ano, as vísperas do noso Antroido, co tan esperado Sábado do Desfile de Foz.

Este ano, sen dúbida, é un ano moi especial para nós as Ruxes, xa que un dos nosos compoñentes é o Rei do Entroido, o Rei Derek.

Que podemos dicir del? Que é un exemplo de carnavalesiro. Criouse entre brillos, siliconas, bombos e repeniques. Participante incansable de moitos desfiles, venres de coplas, bailes de farolillo... Aquel neno pequeno que acudía os ensaios coa súa avoa Maruja e nun abrir e pechar de ollos, 16 anos nin máis nin menos, fai realidade a ilusión de convertese, xunto con Laura e Cris, nas caras visibles dunha das maiores festas do noso Concello e de Interese Turístico de Galicia.

Porque falar de Entroido é falar de paixón, dunha forma de vida. A maxia de preparar un traxe que guste e engalane aos compoñentes do grupo, cun traballo previo que comeza aínda non iniciado o verán e que, con toda a ilusión e esforzo de todos, se desvela minutos antes das 4 e media da tarde no



# RUXE RUXE



noso porto de Foz. A paciencia de preparar os bailes e ensinalos cada venres aos compoñentes de filas intentando que aqueles que non damos pé con bóla, parezamos autentic@s profesionais, tod@s o ritmo da nosa percusión, na que recae unha gran responsabilidade, sen eles todo o esforzo non sería posible.

Todo isto conxúgase para poder percorrer as nosas rúas e as dos Concellos veciños. Outra cousa non, pero temos representación moi diversa: somos de Lourenzá, Ribadeo, Barreiros, Castropol, A Veiga, Fazouro, Alfoz e Mondoñedo. Temos tanto xente do Campo da Cabana como de Burela. Somos de Xixón e Oviedo (de fútbol non se fala...) temos unha de Canarias, un de Riotorto e ata un de Lindín. Como non... algún queda de Vilaronte, deses que nunha tarde de verán no Castro decidiron xuntarse e formar unha comparsa.

Só me queda darvos a todos vós as grazas: as nosas minis, no filas, nenas de filas e chavalada, sodes o futuro. Grazas aos veteranos, os que se acordan sempre der ir tomarlle unha despois do ensaio, e os que se van es-trenar este ano, vades repetir fijo. Grazas aos que estamos e a todos os que estuvestedes, as que nos acompañan nos desfiles, sempre pendentes de todo, grazas aos que nos levan o pincho de tortilla e o bizcocho aos talleres, grazas aos que nos dan algún apunte de como suxeitar esto ou o outro... grazas ás nosas maquilladoras, que despois de trasnoitar, aí están madrugadoras e puntuales para volver a prepararnos desfile tras desfile, grazas ás nosas costureiras que puntada a puntada fan que todo estea perfeto, grazas a todos aqueles que formaron e forman parte da nosa directiva e grupos de traballo que reman para que todo vaia ben e podamos dicir que esto vale a pena.

Solo dicirvos Derek, Laura e Cris, disfrutadeo que vai ser un momento moi especial e aí estaremos as Ruxes para acompañarvos. Un orgullo formar parte deste grupo que con todo o seu traballo fai que mereza a pena que esta sexa a mellor época do ano porque

**somos equipo,  
somos familia, somos Ruxes, somos...  
RUXE RUXE, UH UH.**

*Fdo.: Unha apaixonada do Entroido*

# SIN XEITO

## CANDO O DESORDE SE CONVERTE EN ORDE E SAE A DESFILAR

Se hai alguén responsable do rebumbio no entroido de Foz... mellor non mirar para nós. Ou si. Porque **Sin Xeito** é esa comparsa que aparece entre risas, percusión e turutas, disfraces que se rematan no último momento e bailes que só nós entendemos.

En **Sin Xeito** hai de todo: quen baila coma se nacera para o escenario, quen se perde contando os pasos xa no segundo compás, quen anda coa agulla na man ata o último minuto e quen chega con ideas imposibles que, por algún milagre carnavalesco, acaban funcionando. E iso é o mellor de todo: que cada quen pon o seu gran de area (ou de purpurina) para que o resultado sexa único.





Somos especialistas en empezar os ensaios tarde, discutir por parvadas e acabar mortos de risa sen saber moi ben como. Aquí hai máis retranca que coordinación, máis ganas que técnica e máis ilusión que vergonza. E así sen darnos conta convertémonos nunha parte do entroido de Foz.

En Sin Xeito as ideas chegan tarde, os disfraces van evolucionando sobre a marcha e o clásico "isto non pode funcionar" adoita ser o sinal de que imos polo bo camiño. Porque no entroido non se trata de facelo perfecto, senón de facelo, e se chove? Dúas voltas.

Saír polas rúas de Foz é para nós unha festa, un orgullo e a mellor desculpa para xuntarnos, facer o parvo con estilo e contaxiar alegría a quen nos mira. Se o público pensa "aí veñen elas", misión cumprida.

Grazas á xente de Foz por aturarnos e apoiarnos ano tras ano, por rir con nós e por facer desta festa algo tan especial. Mentres haxa percusión, turutas e brillibrilli, Sin Xeito seguirá desfrutando.

E por último, pero non menos importante, como manda a tradición e antes de que o caos tome definitivamente as rúas, dar a noraboa a Derek, o noso Rei do entroido, e as súas damas, Laura e Cristina, que dende a carroza marcan o ritmo e avisan de que a festa xa non ten freo. Eles abren camiño, reparten sorrisos reais e dan permiso oficial para que o pobo se envolva de música e cores. Porque se o rei manda gozar... nós obedecemos sen rechistar.

**Porque xeito non teremos...**

**pero festa, ganas e ilusión a esgalla.**



# TASQUEPIÁS

DÍA DE ENTROIDO  
DÍA DOS NAMORADOS,  
REGALAR HOXE TOCA  
SORRISAS E AGASALLOS

ALEGRÍA DESPRENDEREMOS  
COMO ANO TRAS ANO FACEMOS,  
BAILANDO O NOSO PASO  
COÑECIDO NO MUNDO ENTEIRO

AS PÍAS XÓVENES SERÁN  
UN EXEMPLO A COPIAR,  
ESTILO, BELEZA E RITMO  
¡¡¡DIFÍCIL DE GAÑAR!!!

TODAS TRABALLAMOS  
O MELLOR QUE SABEMOS,  
TRABALLO E ESFORZO EN EQUIPO  
IGUAL COS MOSQUETEIROS

BURRIÑAS, BURRIÑAS  
IDES ALUCINAR,  
COMPRADE ABANICOS  
POLOS CALORES QUE VOS VIRÁN





iluminaciones  
**SANTIAGUESAS**

Iluminaciones artísticas e instalaciones eléctricas

# TERAPIA DE GRUPO

2019 non será lembrado polo inicio do COVID, a confirmación do Brexit, nin o incendio de Notre Dáme de París. Non... E é que ese ano, unhas cantas mociñas ilusionadas, crearon un novo grupo de entroido en Foz. E iso, amigas e amigos, xa é historia...

É verdade que nacemos sen grandes pretensións, pero con moitas ganas de pasalo ben e de facerllo pasar ben ao público.

Sendo pois un grupo de Foz, e tendo todas nós un tipazo deses que quitan a respiración, preocupounos nun principio que nos confundisen coas "Tas que pías". Doutra banda, é obvio que elas son algo máis tallu-





ditas; aínda que hai que recoñecer que se conservan bastante ben para a súa idade, e saben sacar partido dos seus encantos, con eses disfraces *tan recatados* que locen ano tras ano... E, por que non dicilo?, tan preocupadas están elas polo cambio climático que —grazas a esa encomiable *austeridade téxtil*— non soamente minimizan os recursos naturais empregados na súa confección, senón que tamén fan totalmente innecesario ao público gastar quilowatts de IA, para poder velas *como Deus manda*.

Pero nós decidimos ser nós mesmas e chamarnos **“Terapia de Grupo”**, non porque esteamos necesitadas de terapia (*que ben sabe Deus que o estamos —e moito—*) senón porque non hai mellor terapia que formar un grupo ben avenido.

Moitas son as horas que pasamos reunidas cada ano: deseñamos, debatemos, cosemos, cortamos e pegamos... Pero —sobre todo— bailamos xuntas e rímonos. Rimos moito: de todos, de todo e, máis que nada, de nós mesmas.

Algúns anos, gañamos uns poucos premios; outros, como o 2025, gañamos bastantes máis (e é que os xurados van aprendendo tamén co paso do tempo, está claro). Desde Ferreira a Taramundi, pasando por San Cibrao, Foz, Lourenzá, Mondoñedo e Trabada, fomos paseando os nosos tipitos de



bailarinas top, coordinación exemplar, beleza inigualable e sobre todo, a nosa gran, enorme humildade, modestia e sinxeleza sen par.

E aínda por riba todo isto, o ano pasado, incorporamos ao inigualable Marco, epítome da elegancia, bo vestir e mellor bailar, para converternos sen dúbida no grupo de referencia non xa de Foz, senón deste lado do Mississippi (e probablemente, tamén do outro).

Gozamos sendo animais salvaxes, bruxas, raíñas, rockeiras e steam-punks... pero este ano vimos con aires caribeños, a traervos un ritmo moi, moi quente para que gocedes connosco, máis que nunca, neste entroido de 2026, regalándovos a vista como todos mercedes...

Queremos que compartades a nosa alegría de vivir e de ser entroido. E temos que confesar que o pasamos moi, pero que moi ben, todo o ano. Un ano que para nós divídese en doce *carnameses*: *CarnaXaneiro*, *CarnaFebreiro*, *CarnaMarzo*... e así ata *CarnaDecembro*. Porque o entroido non son soamente uns días de intenso divertimento, que tamén. Entroido é, ante todo, unha forma de vida. E para nós é e seguirá sendo unha forma de vida mellor. Pasamos frío e calor xuntas, rimos xuntas, disfrazámonos xuntas e sobre todo: apoiámonos xuntas. E é que non hai mellor terapia que a **Terapia de Grupo!!!**

# activit CENTER



DEPORTE, OCIO E FORMACIÓN



Zona Wifi/Tenda Deportiva/Área descanso



Pistas de Pádel



Ximnasio



Sala de Actividades



Aula Formativa



Sauna



Sala Masaxe



LudoQuatic



Zona de Ocio/Aventura



Tel. 982 581 381  
 e.mail: reservas@activitycenter.es  
 web: www.activitycenter.es  
 Avda. Do Perdoiro, 35. Burela

Gestión deportiva y educativa  
 animación y tiempo libre



# IG10



Tel.: 636 50 41 55 - 666 38 78 50      www.ig10.es      e-mail: info@ig10.es

## IG10 ANIMA

Años y niñas, padres y señoras bienvenidos ...  
 a "Una fábrica de sueños"

Cumpleaños, comuniones,  
 bautizos, bodas, citas,  
 aniversarios, aniversarios,  
 ANPAS, particulares...



Los precios **MÁS ECONÓMICOS**

¿Buscas con qué animar una Fiesta Infantil?  
 Nosotros tenemos lo que necesitas.

**Hinchables, animadoras, canciones, payasos, magos, cuentacuentos, fiesta espuma, Karaoke, gimkanaes, talleres (pintacaros, globoflexia,...)**  
 Consulta nuestros Packs y las ofertas del mes.



- Personal profesional y titulado
- Cobertura de todos los gastos sociales de los trabajadores
- Seguro de Responsabilidad Civil con Magfex Empresas
- Formación de nuestros trabajadores en materia de Riesgos Laborales
- Supervisión periódica de los programas de animación

# AS TROULEIRAS

## E AQUÍ SEGUIMOS

Somos **As Trouleiras**, unha comparsa nacida en Foz e feita, sobre todo, de nenas pequenas con moita ilusión, moito brillo... e ás veces algo de frío tamén, para que imos mentir. Cada ano saímos no desfile sabendo que probablemente volveremos a ser das últimas, pero iso nunca nos quitou as ganas nin o sorriso; ao contrario, xa é parte do noso estilo. O noso "selo de identidade": as que chegan tarde, pero chegan bailando.

Porque para nós o Entroido non vai de perfección nin de competir. Vai de desfrutar, de rir, de dar a man ás máis pequenas para que non se perdan entre tanta pluma, tanta música e tanto xel frío que lle dá vida ás pernas. Vai de aprender a moverse ao ritmo da festa, de compartir o escenario improvisado das rúas e de sentirse parte dunha familia grande, colorida e un pouco tola, pero marabillosa.

**As Trouleiras** somos isto: un grupo onde todas teñen sitio. Aquí as máis pequenas aprenden das maiores, e as maiores aprenden das pequenas que, cando xa



non poden máis, sempre soltan un “¿queda moito?” que nos recorda que o importante non é chegar á meta, senón rir polo camiño.

Entre purpurina, remendos de última hora e ensaios nos que se nos vai a voz, fomos construíndo algo que non se ve pero se sente: o cariño e o orgullo de desfilar xuntas. Saímos para pasalo ben, para bailar, para esquecer os problemas e para facer de cada desfile unha festa nosa. Porque en Foz cada entroido é especial, pero connosco sempre leva un toque extra de caos organizado, de emoción e de humor. E iso, sinceramente, non se compra nin se copia.

Así que, se algún día nos ves pasar, aínda que sexa tarde, lembra que somos As Trouleiras, e cada paso que damos vai cheo de esforzo, ilusión e un corazón que latexaría ao ritmo do tambor, se non fose porque xa o está facendo.

Queremos tamén despedir con moito agarimo á nosa raíña do Entroido do ano pasado, Coral, e ás súas damas María e Icíá, que levaron con orgullo o nome das Trouleiras e fixeron que cada desfile brillase un pouco máis. Grazas por todo o que nos destes. E agora, con esa mesma ilusión, damos a noraboa ao novo reinado: o noso **Rei Dereck e as súas damas Cris e Laura**. Este é o voso ano: desfrutádeo, ilumínade as rúas e facede historia no Entroido de Foz.



## Viva o Entroido de Foz



# MALOSERÁ

Este ano preparamos o entroido coma sempre, con máis ilusión que organización, e coa clásica frase que nos defi ne dende a orixe da comparsa: “maloserá...”. Maloserá que non chegue o material, maloserá que non dea tempo, maloserá que isto non aguante todo o desfile... Spoiler: nunca estamos seguros, pero sempre saímos igual.

Hai quen di que non somos moitos, e igual teñen razón; pero tamén hai quen di que o tamaño importa, e diso xa non estamos tan seguros. Porque se algo temos claro este ano é que, aínda que sexamos poucos, discretos non imos ser. Do traxe non imos dicir gran cousa, que logo pasa o que pasa. Só podemos adiantar que non vai pasar desapercibido, que hai cores que non se poden camufl ar, e que se alguén di “non vos vin”, probablemente sexa porque mirou para outro lado. Avisados quedades.

Iso si, este ano imos con cuidado. A experiencia ensina. Porque todos lembramos o do ano pasado: aquelas alas xigantes, o vento facendo das súas e nós subindo a costa do pema cunha dignidade discutible... Así que este ano marcámonos un obxectivo realista e alcanzable: acabar o desfile co traxe enteiro posto. Se ademais non sae voando nada, xa sería matrícula de honra. É que ao fi nal o carnaval vai un pouco diso, non? De rirnos de nós mesmos, de facer un pouco o idiota (pero con estilo) e de aceptar que sempre hai cousas que non saen como estaban previstas... pero saen. E se non, pois maloserá, que para algo temos o nome.

O que si temos claro é que, por moitos anos que pasen e por moito vento ou auga que faga, nós nunca perdemos as

ganas. Porque para os que vivimos o entroido desde dentro isto non é só unha festa, é unha maneira de estar no mundo durante uns días. Porque en Foz entroido vívese, e ás veces ata se sofre un pouco, pero sempre con gusto.

Queremos aproveitar tamén para desexarlle ao rei deste Entroido 2026, Derek, e ás súas damas, Laura e Cristina, un reinado como manda a tradición: con risas, festa e poucas horas de sono. Tamén agradecer ás nosas novas incorporacións por atreverse a entrar nesta familia que é Maloserá, e a toda a xente imprescindible que non desfi la pero sostén todo isto: costureira, familiares e amigos que sempre están aí cando máis falta fai.

Así que nada, carnavalesas e carnavalesos, agardá-mosvos no sitio de sempre para facer o de sempre... ou polo menos intentalo. Que se este ano chegamos ao final do desfile co traxe enteiro posto, xa será motivo dabondo para brindar.



FEŠTA DE INTERESE  
TURÍSTICO DE GALICIA

ISTO É  
**FOZ**  
E AQUÍ HAI  
**CARNAVAL**

ORGANIZA:



Concello  
de **Foz**



[www.concellodefoz.gal](http://www.concellodefoz.gal)

COLABORA:



XUNTA  
DE GALICIA

//ABANCA

**SANBET**  
**AGENCIA**